

NORMAS DE PUBLICIDAD OBLIGATORIAS. SI NO SE CUMPLEN, LA EMPRESA NO OBTENDRIA LA SUBVENCION .

Deberá cumprir os seguintes requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no Anexo XII, apartado 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013 (ver anexo explicativo ao final deste documento):

1. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, deberá recoñecer o apoio do Igape, da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional do Igape e da Xunta de Galicia e mostrando:

- a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
- b) Referencia ao Fondo que da apoio ao proxecto.
- c) Referencia ao lema do Fondo “Unha maneira de facer Europa”.

O formato a utilizar é o seguinte:

PROXECTO COFINANCIADO POR IGAPE, XUNTA DE GALICIA E FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL DO PROGRAMA OPERATIVO 2014-2020



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL
“UNHA MANEIRA DE
FACER EUROPA”



2. Durante a realización do proxecto:

- a) **Breve descrición no seu sitio de Internet, no caso de que dispoña dun, do proxecto, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro do Igape, da Xunta de Galicia e da Unión.**

O formato a utilizar é o seguinte:

Na páxina principal, debe figurar só este logo ao mesmo tamaño que o logo de maior tamaño e de xeito que sexa visible sen ter que desplazar o cursor.



Ao pinchar no logo e para cumprir con este requisito pode incluírse, integrado no espazo web da empresa, a seguinte imaxe:



XUNTA
DE GALICIA



igape»

galicia

Axudas do Igape Programa Plan Foexga 2019-2020

Esta empresa participa nun proxecto de internacionalización a través do programa do Igape Plan Foexga 2019-2020. O obxectivo principal destas axudas é incentivar e estimular o comercio exterior galego e a internacionalización das pemes galegas. O resultado que se pretende é aumentar a base de empresas exportadoras e consolidar a presenza de empresas galegas nos mercados internacionais.

Operación cofinanciada pola Unión Europea

Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020

Conseguir un tecido empresarial máis competitivo

Unha maneira de facer Europa

- b) Colocar polo menos un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), no que se mencionará a axuda financeira do Igape, da Xunta de Galicia e do Feder, nun lugar visible para o público, por exemplo, na entrada do edificio.

O formato a utilizar é o seguinte:



XUNTA
DE GALICIA



igape»

galicia

Proxecto de internacionalización

Operación cofinanciada pola Unión Europea

Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020

Conseguir un tecido empresarial máis competitivo

Unha maneira de facer Europa

NORMAS DE PUBLICIDAD OBLIGATORIAS.

**SI NO SE CUMPLEN, LA EMPRESA NO
OBTENDRIA LA SUBVENCION .**